

PLAN RE-BROTE - AVAIS PARA O ACCESO A FINANCIAMENTO OPERATIVO ADICIONAL

CONVOCA

IGAPE

OBXECTO

Convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras adheridas polo que se establece unha liña de avais do Igape para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional..

BENEFICIARIOS

Empresas con domicilio social e fiscal en Galicia, que non se atopen en situación de crise; que creen ou manteñan emprego directo, e que presenten un proxecto obxecto de financiamento avalado que sexa considerado viable, dentro dos límites de risco asumibles polo IGAPE.

Non poderán ser beneficiarias as empresas cuxo único obxecto social sexa a compravenda de bens inmobiliarios ou activos financeiros.

Nas operacións financeiras avaladas poderán figurar como cotitulares terceiras persoas físicas ou xurídicas, sempre que teñan unha vinculación coa beneficiaria, que cumpran todas elas os requisitos para ser beneficiaria previstos nestas bases, e que consten expresamente relacionadas na Resolución de individual de concesión..

REQUISITOS

O Igape poderá garantir operacións de financiamento novas, excluíndose expresamente a substitución de créditos bancarios preexistentes, salvo nos casos previstos no artigo 6. Cada unha das operacións poderá ser concedida por unha entidade financeira ou ben por un sindicato bancario.

* Importe das operacións:

A suma das operacións avaladas polo Igape para cada beneficiaria será como mínimo de 300.000€, e como máximo de 3.500.000 €.

No caso de operacións individuais nunha entidade financeira por importe inferior a 300.000 €, o seu outorgamento estará condicionado á formalización previa ou simultánea doutras operacións avaladas polo Igape que acaden o dito importe mínimo de 300.000 €.

* Prazos e amortización:

Con carácter xeral, a vixencia das operacións avaladas será de 2 anos, e a vixencia dos avais de 3 anos.

No caso de que a beneficiaria aporte garantías reais para cubrir o risco da operación, a vixencia das operacións avaladas será de 4 anos, e o límite máximo da operación avalada

reducirase un 25% anualmente a partir do 2º ano de vixencia. A vixencia do aval nestes supostos será de 5 anos dende a data de formalización.

*** Poderanse avalar as seguintes modalidades de operacións financeiras:**

1. CONTAS DE CRÉDITO:

- Destinadas ó financiamento de circulante, entendendo como tal o pagamento de nóminas dos traballadores, impostos, seguridade social, aluguer, leasing, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións e, tamén, os vencementos de débedas bancarias tales como cotas de préstamos a longo prazo, cotas de leasing ou similares. En ningún caso poderán aplicarse a financiar investimentos.

O Igape responderá de ata o 50% do saldo disposto, unha vez cumpridos os requisitos de execución contemplados no artigo 7.3, e devengarase unha comisión de aval anual a favor do Igape dun 0,5 % do importe do aval formalizado.

2. LIÑAS DE CRÉDITO PARA O ADIANTO DE EFECTOS COMERCIAIS E FACTURAS:

- Estas liñas permitirán garantir a cesión mercantil ou transmisión dos créditos derivados das vendas a prazo que efectúe a empresa beneficiara, de forma que o comprador ou debedor veña obrigado a satisfacer o seu importe á entidade financeira.

O Igape responderá de ata o 60% dos importes adebedados pola beneficiaria á entidade financeira como consecuencia dos impagados que se produzan, unha vez cumpridos os requisitos de execución sinalados no artigo 7.3 e devengarase unha comisión de aval anual a favor do Igape dun 0,50 % do importe do aval formalizado.

3. PÓLIZAS DE PAGAMENTOS A PROVEDORES (“CONFIRMING”).

- Liñas de xestión do pago das súas compras, anticipando as entidades financeiras os pagos ós provedores.

O Igape responderá de ata o 70% dos importes adebedados á entidade financeira como consecuencia dos descubertos que se produzan, unha vez cumpridos os requisitos de execución sinalados no artigo 7.3 e devengarase unha comisión de aval anual a favor do Igape dun 0,50 % do importe do aval formalizado.

4. PÓLIZAS DE RESPONSABILIDADE, LIQUIDACIÓN E GARANTÍA DE OPERACIÓNS MERCANTÍS PARA AMPARAR:

- a) O bo fin de letras de cambio, cheques, pagarés, recibos, facturas, certificacións de obra, anticipo de subvencións e demais documentos civís, mercantís e administrativos, que a entidade financeira desconte, negocie ou anticipe e nos que a titular figure como librador, endosante, aceptante, avalista, cesionario ou beneficiario.
- b) O bo fin e completo pago das obrigas procedentes de operacións de comercio exterior que os titulares contraian coa entidade financeira, tales como créditos documentarios, cartas de crédito, prefinanciamento e financiamento de exportacións, financiamento de importacións, etc.
- c) Avais e fianzas prestadas pola entidade financeira en garantía de terceiros, vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos.

O Igape responderá de ata o 50% dos importes adebedados á entidade financeira como consecuencia dos descubertos que se produzan, unha vez cumpridos os requisitos de

execución sinalados no artigo 7.3, e devengarase unha comisión de aval anual a favor do Igape dun 0,50 % do importe do aval formalizado.

Admitirase que as operacións que se van avalar substitúan operacións financeiras preexistentes, sempre que as operacións a refinarciar estean avaladas polo Igape ao abeiro destas bases ou do convenio publicado mediante Resolución do 25 de setembro de 2009 (DOG nº 191, do 29 de setembro), nos seguintes casos:

- a) Cando por cambios nas circunstancias da operativa da beneficiaria se demande un cambio na modalidade de operación, entre as previstas no artigo 3º destas Bases.
- b) Cando supoña unha mellora nas condicións financeiras para a beneficiaria.

*** Garantías a achegar pola beneficiaria:**

As garantías achegadas pola beneficiaria serán repartidas entre a entidade financeira e o Igape en función do risco asumido por cada parte.

No caso de acreditarse a constitución doutras garantías distintas ás declaradas polas entidades financeiras, o Igape non responderá polo aval concedido.

CONTÍA DAS AXUDAS

As garantías outorgadas polo IGAPE consistirán na prestación de aval subsidiario ante as entidades financeiras. No caso de que a operación sexa concedida por un sindicato bancario, o Igape responderá ante a entidade axente pola totalidade do aval concedido na dita operación. O prazo de vixencia da garantía será, con carácter xeral de 3 anos, cubrindo o risco vivo financiado ou anticipado durante os 2 anos de vixencia máxima da operación avalada. No caso de achega de garantías reais por parte da beneficiaria, a vixencia máxima será de 5 anos dende a súa formalización, cubrindo o risco vivo financiado ou anticipado durante os 4 anos de vixencia máxima da operación avalada

PLAZO

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o día seguinte á publicación destas bases reguladoras no Diario Oficial de Galicia e finalizará o 31 de outubro do ano 2011

NORMATIVA

RESOLUCIÓN do 6 de maio de 2011 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras para a habilitación dunha liña de avais do Igape para facilitar ás empresas galegas o acceso a financiamento operativo adicional, instrumentadas mediante convenio coas entidades colaboradoras (Plan Rebrote 2011). DOG nº 93 do 13 de maio de 2011).

ENLACES

[Liña de avais para facilitar ás empresas galegas o acceso a financiamento operativo adicional \(Plan Re-brote 2011\)](#)